

Shahd Wadi trae até Compostela a Palestina da poesía e o compromiso

"Son palestina, entre outras posibilidades, mais a liberdade é sobre todo palestina", afirma a Escritora Galega Universal 2025



Redacción 26/abr./25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/shahd-wadi-trae-ate-compostela-palestina-da-poesia-compromiso/20250426135422221219.html>

Shahd Wadi está en Compostela. Shahd Wadi, escritora palestina, é Escritora Galega Universal en 2025, nomeada pola AELG "desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a valoración da alta calidade da súa obra, así como por defender a dignidade nacional de Palestina e os dereitos individuais e colectivos da súa poboación, nomeadamente desde perspectivas feministas".

A autora recollerá o seu **Premio Honorífico como Escritora Galego Universal, no marco da Gala dos Premios Follas Novas** do Libro Galego 2025, que terá lugar este sábado en Santiago de Compostela. Antes, pola mañá, e no Salón Rahid da Fundación Araguey tivo lugar un coloquio e recital da autora, coa presenza de **Cesáreo Sánchez Iglesias e Beatriz Maceda Abeleira**, presidente e vicepresidenta da AELG. E a sexta feira estivo en **Ponteareas, onde participou nunha palestra sobre a cultura como arma de resistencia**.

Poeta e tamén autora do libro *Corpos na traxectoria: historias-artísticas-de-vida de mulleres palestinas no exilio* (2017), aborda, na súa investigación, as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelí de Palestina e considera as artes un testemuño de vidas, tamén da súa.

Shahd Wadi preséntase nas súas redes sociais e profesionais como palestina. "Son palestina, entre outras posibilidades, mais a liberdade é sobre todo palestina". Na súa investigación aborda as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelí de Palestina.

Afincada en Lisboa, reparte o seu tempo entre a investigación, a tradución, a escrita, as consultorías artísticas e programación cultural. A autora nomeada Escritora Galega Universal en 2025 obtivo tamén o grao de mestra na área de Estudos Feministas da Universidade de Coímbra cunha tese titulada "Feminismos de corpos ocupados: as mulleres palestinas entre dúas resistencias" (2010).